



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE FACENDA
Dirección Xeral de Política Financeira,
Tesouro e Fondos Europeos

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE FACENDA E A SOCIEDADE PÚBLICA CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA (CRTVG) PARA O FINANCIAMENTO TRANSITORIO DA SOCIEDADE.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral da Dirección xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos,

DECLARA:

Que a Consellería de Facenda formalizou coa Sociedade Pública Corporación Radio e Televisión de Galicia (CRTVG) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 9 de decembro de 2019 ata o 9 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Fixar o marco de colaboración entre as partes para solventar a situación de debilitamento da tesourería da CRTVG derivada da suspensión pola AEAT da devolución á CRTVG das cantidades de IVE soportadas por esta. Estas cantidades non poderán supoñer, en ningún caso, incremento do gasto para a CRTVG.

O obxecto deste convenio é dotar de xeito provisional á CRTVG, por parte da Xunta de Galicia, da tesourería necesaria.

Que existe converxencia de interese entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

A suspensión pola Axencia Tributaria (AEAT) da devolución á CRTVG de determinadas cantidades de IVE soportadas por esta, provoca un debilitamento ou insuficiencia na tesourería da sociedade pública autonómica e en consecuencia proxecta o seu efecto sobre o PMP (período medio de pago), sendo o obxectivo manter este nun prazo non superior a 30





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE FACENDA
Dirección Xeral de Política Financeira,
Tesouro e Fondos Europeos

días. A CRTVG ven discutindo dende o ano 2017 a actuación inspectora da AEAT, atopándose no momento actual en diversos procedementos de reclamación.

En consecuencia, sen prexuízo do pronunciamento administrativo ou xudicial que veña a resolver, con carácter definitivo, as discrepancias entre a CRTVG e a AEAT, resulta prudente e aconsellable o recurso á subscripción dun convenio que permita prover coxunturalmente á CRTVG dos fondos necesarios para resolver os inconvenientes que se producen.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, a 16 de decembro de 2019.

O director xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos

David Cabañó Fernández

